| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **2º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | • Pronunciación da terminación */s/, /z/, /iz/* dos verbos na 3ª persoa singular do presente simple .<br>• Pronunciación de vocais e consoantes de especial dificultade: */ t, d, h, r, i, i:/*, etc., insistindo nas diferencias coa(s) lingua(s) materna(s): galego e castelán.<br>• Acentuación das palabras e frases.<br>• Entoación de frases: suxestións e respostas ás mesmas; preguntas do tipo *Wh-, yes / no.*<br>• Ritmo.<br>• Pronunciación do número cero como parte dun número de teléfono.<br>• Pronunciación da terminación *–ing.* | 1ª AVALIACIÓN |
| | • Pronunciación de vocais e consoantes de especial dificultade: *t, d, h, r, a*, etc., insistindo nas diferencias coa(s) lingua(s) materna(s): galego e castelán.<br>• Acentuación das palabras e frases.<br>• Entoación de frases: suxestións e respostas ás mesmas; preguntas do tipo *Wh-, yes / no.*<br>• Ritmo.<br>• Pronunciación da terminación *–ed* do | 2ª AVALIACIÓN |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **2º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| | pasado simple.<br>• Pronunciación das formas débiles: *was / were.*<br>• Pronunciación de formas débiles de *than, as*.<br>• Pronunciación da forma débil de *can*.<br>• Pronunciación das formas contraídas *can't, mustn't e shouldn*'t*,* | |
| | • Pronunciación de vocais e consoantes de especial dificultade: /*t, d, h, r, a/*, etc., insistindo nas diferencias coa(s) lingua(s) materna(s): galego e castelán.<br>• Acentuación das palabras e frases.<br>• Entoación de frases: suxestións e respostas ás mesmas; preguntas do tipo *Wh-, yes / no.*<br>• Ritmo.<br>• Pronunciación da forma *will.*<br>• Pronunciación da forma *some.*<br>• Pronuncia de formas contractas. | 3ª AVALIACIÓN |
| PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos | Funcións comunicativas e estruturas sintáctico-discursivas propias do inglés:<br><br>Saudar e presentarse formal e informalmente; pedir e dar información persoal.<br>• Verbo *to be.* | 1ª AVALIACIÓN |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **2º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| básicos e paratextuais). | • Verbo *have got*.<br>• Fórmulas: *nice to meet you*…<br>• *Question words*: *what, who, why, where, when, how, how many, how much, how often, how long*.<br>• Possessive adjectives and pronouns.<br>• There is / there are + some, any.<br><br>Expresar accións habituais e rutinas.<br>• Presente simple.<br>• Adverbios de frecuencia: *always, usually, never*, etc.<br><br>Falar sobre accións en curso, comparándoas con accións habituais.<br>• Presente continuo/simple.<br>• Expresións de tempo: *now, at the moment*…<br><br>Falar sobre acontecementos pasados puntuais.<br>• Pasado simple: forma afirmativa, negativa e interrogativa.<br>• Expresións de tempo relacionadas co pasado: *yesterday, last week*, ...<br>• There was / there were. | |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **2º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| | Narrar acontecementos pasados.<br>• Pasado simple e continuo.<br>• Accións interrumpidas no pasado simple + pasado continuo.<br>• When / while.<br>• First, then, after that...<br><br>Describir cousas, lugares e persoas.<br>• Adxectivos en grao comparativo e superlativo.<br><br>Falar sobre habilidades. Pedir e conceder permiso.<br>• Can / could / can't / couldn't.<br><br>Expresar obrigas, prohibicións e consellos.<br>• Must / mustn't.<br>• Should / shouldn't.<br><br>Expresar acontecementos futuros, intencións, decisións.<br>• *Present continuous and be going to* + infinitivo para expresar decisións planificadas.<br>• Expresións temporais de futuro: *next year, this weekend*… | 2ª AVALIACIÓN |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **2º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| | Expresar cantidade.<br>• *Countable / uncountable nouns*.<br>• *A, an, some, any, much, many, a lot of*...<br><br>Expresar acontecementos futuros, facer predicións.<br>• *Will* + infinitivo para expresar decisións espontáneas e facer predicións.<br><br>Expresar condicións.<br>• Condicional de 1º tipo: oracións con *if + present..........future*. | 3ª AVALIACIÓN |
| PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. | Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:<br><br>• Fórmulas e expresións.<br>• A familia.<br>• Meses e datas.<br>• Actividades de lecer.<br>• Deportes.<br>• Materias escolares.<br>• Obxectos utilizados na escola.<br>• Posesións.<br>• Lugares.<br>• Países e nacionalidades. | 1ª AVALIACIÓN |

| DESGLOSE DOS PUNTOS 5.1, 5.6 E 5.7: FONÉTICA, ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS-DISCURSIVAS E VOCABULARIO | | |
|---|---|---|
| **2º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CONTIDOS | TEMPORALIZACIÓN |
| | • Xente.<br>• Nomes compostos.<br>• Historia.<br>• Sucesos na vida.<br>• Tipos de películas.<br>• Adxectivos. | |
| | • Rompendo as regras.<br>• Verbos de movemento.<br>• Adxectivos para describir a aparencia física.<br>• Adxectivos de personalidade.<br>• Envases e materiais.<br>• Verbos relacionados co medio ambiente. | 2ª AVALIACIÓN |
| | • Música.<br>• Tipos de música.<br>• Instrumentos musicais.<br>• O mundo natural.<br>• Camping.<br>• Profesións.<br>• Adxectivos que describen profesións. | 3ª AVALIACIÓN |

Estes contidos aparecerán reflectidos na adquisición das diferentes habilidades lingüísticas: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción), correspondentes aos bloques 1, 2, 3 e 4 da programación didáctica.

Cómpre prestar especial atención ao seguinte punto:

| BLOQUE 3: comprensión de textos escritos | | |
|---|---|---|
| **2º ESO** | | |
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | TEMPORALIZACIÓN |
| PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. | • Observación do traballo na aula.<br>• Proba escrita e/ou oral sobre un **libro de lectura obrigatoria**. De non ser posible a súa realización, substitución por un traballo sobre el. | 3ª AVALIACIÓN |

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### 1-ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:
-A observación sistemática do desenvolvemento das tarefas realizadas na clase (incluída a actitude) ou encomendadas para casa (a nivel de produción- oral e escrita- e de comprensión- oral e escrita), ben individuais, en parellas ou pequenos grupos, a utilización do inglés como lingua de comunicación na clase e a realización de proxectos individuais ou en grupo. A media destas notas suporá o 30% da nota da avaliación.

-A realización de dúas ou tres probas formais a nivel individual (exames) ao longo de cada unha das tres avaliacións, que incluirán varios apartados: *grammar, vocabulary, reading, writing, listening* e unha proba de *speaking* ao remate de cada unha das avaliacións. Entre estas probas formais estará durante a terceira avaliación o exame escrito e/ou oral sobre o libro de lectura obrigatoria. A media das notas de estas probas suporá o 70% da nota da avaliación.

O alumnado poderá sumar ata un punto extra en cada avaliación pola lectura optativa dun libro, do que será examinado oralmente ou por escrito.

Considerarase que un alumno/a supera a materia de inglés nunha avaliación cando, aplicado o baremo, a nota final sexa **igual ou superior a 5,00**.

Non se realizarán probas de recuperación.

## 2-ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

En caso de vernos na obriga dun confinamento temporal, como instrumentos de avaliación utilizaranse:
-Entrega de tarefas en forma e prazo enviadas a través das plataformas arbitradas polo centro, E-Dixgal (1º e 2º ESO), Aula Virtual ou, se é posible, Google Classroom, neste último caso en formato Documentos de Google (Google Docs).
-Participación nas posibles clases vía telemática, cumprindo as normas establecidas polo Departamento.
-Realización de actividades dos libros dixitais.
A media xeométrica destas notas suporá o 30% da nota da avaliación.
En caso de terse realizado ademais tarefas de xeito presencial durante a avaliación, as súas cualificacións tamén formarán parte deste 30%.

-Probas individuais presenciais, se é posible porque a situación sanitaria o permite, que suporán o 70% da nota de avaliación.

No caso de non ter realizado ningunha proba presencial durante algunha avaliación, a media xeométrica das actividades realizadas suporá o 100% da nota da avaliación.

## 3-ALUMNADO EN CORENTENA

O alumnado que se atope en corentena realizará as mesmas actividades que o resto do alumnado da súa clase, sempre que a súa saúde o permita, utilizando para a súa entrega as plataformas dixitais arbitradas polo centro. A media xeométrica das cualificacións das mesmas formará parte do 30% da nota da avaliación, xunto coas actividades realizadas durante o período presencial.

O 70% restante será a media das cualificacións obtidas nos exames presenciais.
En caso de faltar a un exame, o alumnado en corentena farao ao incorporarse á actividade lectiva presencial.

## 4-CUALIFICACIÓN FINAL

Para obter a **nota final da avaliación ordinaria de xuño**, o baremo utilizado será o seguinte:

- Nota da 1ª avaliación: 30%.
- Nota da 2ª avaliación: 30%.
- Nota da 3ª avaliación: 40%.

Considerarase que un alumno/a supera a materia de inglés cando, aplicado o baremo, a nota final sexa **igual ou superior a 5,00**.

A final de curso, aqueles alumnos/as que tras aplicar este baremo teñan a materia suspensa, realizarán un exame global presencial dos contidos traballados durante todo o curso. Se o aproban, a materia considerarase superada.

Nas **probas extraordinarias de setembro**, o exame realizado suporá o 100% da nota obtida.

## INFORMACIÓN PARA OS ALUMNOS/AS COA MATERIA DE INGLÉS PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Os alumnos/as coa materia pendente de cursos anteriores terán os mesmos contidos co resto do alumnado deses cursos, eliminando aqueles que non se puideron traballar o curso pasado debido ao confinamento.

A avaliación destes alumnos/as levarase a cabo seguindo dúas vías:

- entrega de actividades de reforzo en formato dixital na data establecida. Este traballo, realizado correctamente e entregado na data indicada, suporá o 25% da nota.
- realización dun exame no mes de maio e, de non superalo, na convocatoria extraordinaria de setembro. Suporá o 75% da nota.

Para aqueles alumnos/as que non entregaran as actividades de reforzo, o exame realizado na convocatoria extraordinaria de setembro suporá o 100% da nota.